

Facultade de Ciencias da Información de Santiago de Compostela,
do arquitecto portugués Alvaro Siza.

↑ ↑ calaventos



Michael Sorkin, crítico de arquitectura de Nova Iorque, explicaba o **Movimento Moderno** como un experimento da NASA. Algo así como un xigantesco ensaio promovido pola FBI e organizado pola axencia aeroespacial para que toda a poboación, dende California ata Nova Iorque, se habituara a vivir en estruturas de aceiro e vidro, antes do seu traslado definitivo ás futuras bases de Marte.

Seguramente **Sorkin** buscaba a provocación máis có debate, pero aparte da súa radicalidade, non é menos certo que a crítica máis frecuente ó Movemento Moderno foi pola súa condición de desarraigo. O seu desapego ante ó medio, tanto físico coma cultural.

A **arquitectura de Siza** será paradoxicamente sempre a proposta máis distante a un proxecto da NASA para contruí-lo Cosmos. Os seus proxectos buscan relacionarse co entorno, facendo cidade ó construí-lo. Esta é unha das súas principais achegas á **Arquitectura Contemporánea**.

ESPACIOS: Un centro para comunicar no novo milenio

A Facultade das Ciencias da Información é un bo exemplo. Nace nun sitio coa intención de arraigarse, e lonxe de pretender ser un artefacto sen referencias, quere **participar de organizacións maiores**: da rúa, do barrio e do campus. Ante o Campus Norte, que non ten unha estrutura clara, Siza opta por unha estratexia que defina un centro e, por iso, a Facultade de Ciencias da Información procura completa-lo espazo central pechándoo cara o leste co volume da **Mediateca**, mentres que o seu corpo de aulario busca definilo no seu lado norte, procurando a continuidade coa facultade máis próxima. O proxecto, ademais, está atento a tódolos percursos, ós camiños que nacen doutras facultades ou que xa existían no lugar, e colócase evitando a fractura de sentidos anteriores. Moi ó contrario, axúdaos a permanecer construíndoos. A facultade pretende, con todo, lograr unha unidade da que carecía o Campus Norte.

Ante o barrio de El Vite, que como a maioría dos polígonos dos anos 70, todavía ten un carácter de inacabado, resultado de colocar "bloques" sen unha relación clara, Siza adopta a **actitude do cirurxián** preocupado por coser unha realidade disgregada e tenta poñer en diálogo ámbitos moi desligados. Para iso, A Facultade de Ciencias da Información enfatiza o espacio da rúa como elemento estruturador. Primeiro, intenta completala buscando aliñacións cos viciños que definan a continuidade do espacio urbán, para logo procurar enriquecela, abrindo cara ela os patios e os espacios de relación propios.

A **rúa e o barrio** resultan fundamentais para entende-lo edificio, pero tamén logran con él un sentido que antes non tiñan. A proposta non se pode entender sen o outro, sen entender primeiro ó viciño.

Ante a Facultade como institución, Siza defende o home e propón unha **construcción aberta**. Xa en proxectos anteriores amosou unha maior atención cara o home como individuo, "coa preocupación de preservalo". A organización da Facultade de Ciencias da Información está máis atenta ó home social e procura para el lugares de relación, **espacios de encontro**. Por esta dobre intención de facer cidade e de crear unha institución aberta, o proxecto ten unha forte dimensión social.

Pero esta non é hoxe unha condición especialmente valorada. A Arquitectura contemporánea, xa sexa moderna ou post-moderna, minimalista ou deconstructivista, é recoñecida publicamente se é capaz de satisfacer-la demanda de imaxes. Na "sociedade da información" a Arquitectura transfórmase en exhibicionista. Xa nin sequera aspira a converterse en ilusión.

Neil Leach advirte ante esta situación sobre o perigo da Arquitectura de "autonarcotizarse coa súa obsesión polas imaxes ata chegar a perde-la súa consciencia política e social, e polo tanto, ó deterioro da súa propia disciplina.". O certo é que o **culto á forma** non sempre é o resultado dunha obsesión disciplinar, senón que moitas veces resulta o único valor recoñecido por unha sociedade xa moi mercantilista. A Arquitectura é recoñecida en canto ó seu



poder para mellora-la balanza comercial a golpe de turistas. Hai, polo tanto, que asumir que parte do **recoñecemento público** da Facultade será polo seu poder de **seducción visual**, pola súa capacidade de sorpresa. Nunha das visitas á obra, mentras Siza observaba a fachada, un minitren cheo de peregrinos, deses peregrinos que pagan por ver sentados as postais de Santiago, cruzouse xusto no momento en que o guía anunciaba por megafonía as virtudes do edificio. O granito faltaba todavía por colocar e a pintura non secara, pero **o proxecto de Siza** xa estaba incluído nas rutas dos turistas que buscan en Santiago o Disneyland do norte.

O certo é que a complexidade da súa linguaxe é máis o resultado dunha actitude ante os problemas que un fin premeditado. A Facultade de Ciencias da Información resulta unha **máquina complexa**, porque é un xigantesco puzzle onde conviven **máis de 80 funcións diferentes**: dende biblioteca e aulas, ata estudos de televisión, platós de cine, laboratorios, locutorios de radio e salas computerizadas, etc. Espacios organizados para que os desprazamentos resulten fluídos. Todos eles dispostos arredor dunha gran rampa, case unha rúa, que xira sobre si mesma e pon en relación tódalas dependencias. Ese movemento natural é o que xera orde e as **xeometrías máis complexas**.


A Facultade de Ciencias da Información consegue por todo o dito supera-la súa condición de edificio técnico para lograr unha **arquitectura humanista** onde o protagonista é o **home como ser social**, como cidadán ou, quizabes mellor, como viciño, para como di Camus "Volver a sentir ese amor polo home, sen o cal o mundo só tería unha inmensa soidade".

Texto: **Carlos Seoane** Foto: **Roberto Ribao**

O edificio intégrase perfectamente
no entorno do barrio de Vite.



Na mediateca, os lucernarios do teito
aproveitan a luz natural
e configuran un espacío acolledor
e atractivo para o estudante.



O distribuidor central permite o acceso
funcional ás principais estancias
do edificio, establecendo
unha aposta estética pola asimetría.

